

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese no Pazo provincial ás 12:30 h do día 23 de maio de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JAVIER TOURÍS ROMERO** en substitución de D.^ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.^ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.^ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.^ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.^ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.^ª MARÍA ORTEGA IÑARREA, coa seguinte orde do día:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 21 de abril de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2025 (Expte. 2025004263)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas ás entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais no ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 87, do 9 de maio de 2025, que teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso a seguir para a concesión destas axudas en concorrencia competitiva, que teñen por finalidade reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural e incrementar a actividade cultural no noso territorio. Están dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, concretamente para a realización de actividades culturais que reúnan os requisitos e obxectivos especificados nas bases e teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

As axudas convócanse con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05 por un importe total de trescentos mil (300.000,00) euros, en dúas liñas de actuación: Liña 1: 250.000 € para actividades de posta en valor do patrimonio, festivais, mostras ou encontros culturais de interese e relevancia provincial; Liña 2: 50.000 € para a participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais e intercambios culturais fóra da comunidade galega. O importe máximo da subvención que se conceda non poderá exceder o 75% do seu orzamento nin superar o importe de dous mil cincocentos (2.500,00) euros. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.



3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” 2025 (Expte. 2025004266)

O presidente dá conta da aprobación da programación do circuítio +Escénicas 2025 pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 2 de maio de 2025 e que figura relacionada no documento con CSV: MQDALDOBA13111SJ. Nesta edición 2025 serán un total de 136 funcións as solicitadas polos concellos, que se realizarán entre o 1 de abril de 2025 e o 31 de marzo de 2026 e que suman un orzamento subvencionado pola Deputación de cento oitenta e un mil catrocentos vinte e catro con setenta (181.424,70) euros.

As bases reguladoras da convocatoria 2025 deste circuítio de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos de ata 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, publicáronse no BOPPO núm. 34, de 19 de febreiro de 2025. Na base segunda das mesmas recollíase a dotación orzamentaria de cento noventa e cinco mil (195.000) euros, con cargo á aplicación 25/330.3340.462.04, e na base sétima, o réxime de cofinanciamento entre a Deputación e os concellos do orzamento de cada espectáculo, incluídos en todo caso os impostos e as necesidades técnicas, se tamén eran solicitadas. O prazo de solicitude para os concellos estableceuse do 17 ao 31 de marzo de 2025, podendo seleccionar ata cinco espectáculos do catálogo “+Escénicas”, no que presentaron solicitude e participan finalmente nesta edición do circuítio, un total de 50 concellos.

4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2025 (Expte. 2025004260)

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2025, aprobada na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 9 de maio de 2025. As seis entidades que reciben a subvención por un importe total de cento setenta mil (170.000) euros aparecen relacionadas no documento con CSV: JM2HFVIFHVWJZNVJ.

As bases destas subvencións foron publicadas no BOPPO núm. 38, do 25 de febreiro de 2025, co obxecto de aprobar a convocatoria e o procedemento polo que se rexeu a concesión, o seguimento e a xustificación das axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de prestixio que teñen lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen especial atención á programación e á difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción. A concesión das subvencións, por concorrência competitiva, estivo suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, para as que se destinou un importe total de cento setenta mil (170.000) euros con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05. No prazo establecido presentaron solicitude 8 entidades, das que dúas foron excluídas e figuran no expediente co CSV: DBJHR4NNASB8Y5F2, quedando admitidas as 6 restantes, que percibirán as seguintes cantidades segundo a valoración acadada trala reunión da Comisión de Valoración:



ASOCIACIÓN - FESTIVAL	CONCELLO	ORZAMENTO	IMPORTE ASIGNADO
AC e Cinematográfica de Galicia XVIII FICBUEU	BUEU	130.521,73 €	30.371,23 €
AC e Cinematográfica Novos Cinemas - X Novos Cinemas	Pontevedra	101.309,81 €	25.046,40 €
AC e Deportiva do Porriño Arela XXII Festival de Cans 2025	O Porriño	193.457,06 €	33.526,68 €
AC Enfoques - XXI Play Doc Festival Internac. De Cine e Documental de Tui	Tui	132.500,00 €	37.668,22 €
AC Abella Producións IX Galician Freaky Film Festival	Vigo	60.005,00 €	18.932,71 €
Asociación Curtas Film Fest Curtas Festival do Imaxinario 2025	Vilagarcía	106.500,00 €	24.454,76 €

5.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025 (Expte. 2024002979)

O presidente dá conta de que na Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2025, se acordou aprobar a concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia para as actividades de dinamización da lingua galega para o ano 2025, relativas á convocatoria publicada no BOPPO núm. 45, de 6 de marzo de 2025, por un importe total de cento cincuenta mil (150.000) euros, con cargo á aplicación 25/334.3340.462.04 do Orzamento provincial. Ditas bases teñen por obxecto regular e conceder en concorrència competitiva as axudas ás actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e nos sectores que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes no seu termo municipal dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega.

No prazo establecido, recibíronse un total de 43 solicitudes, resultando dúas delas desestimadas, unha por incumprir unha das bases e outra por duplicidade a petición do propio concello, polo que se admitiron as 41 restantes, as cales se relacionan e figuran con CSV: 5LBOAWDGBTQ97IGR e suman un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

O deputado do grupo do BNG, Cesáreo Mosquera, consulta sobre unha incidencia recente producida cunhas pedras da cornixa dun dos edificios centrais do Museo de Pontevedra. O vicepresidente da Deputación, Rafael Domínguez, responde que están ao tanto e en comunicación coas persoas responsables do Museo, que non ocasionaron danos persoais e se procedeu coa resolución da incidencia.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:35 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

